

Nome _____ Data _____

2 Relaciona cada pregunta cunha resposta.

- | | |
|--|-----------------------------------|
| 1. Que entrante contén vexetais frescos? | a) Tres. |
| 2. Cantas clases de cremas se poden comer? | b) Non. |
| 3. Cantos pratos levan polo? | c) A ensalada. |
| 4. Que froitas levan almibre? | d) Zume auga mineral e refrescos. |
| 5. Podes comer caldo de primeiro prato? | e) Tres. |
| 6. Onde está elaborado o flan? | f) O melocotón e a piña. |
| 7. Que bebidas poden beber os nenos e nenas? | g) Na cociña do restaurante. |

3 Escribe o menú dun restaurante coas túas comidas favoritas.

RESTAURANTE O ENCONTRO		
<p style="font-size: 1.2em; font-family: cursive;">Primeiro prato</p> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/>	<p style="font-size: 1.2em; font-family: cursive;">Segundo prato</p> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/>	<p style="font-size: 1.2em; font-family: cursive;">Sobremesa</p> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/>
		<p style="font-size: 1.2em; font-family: cursive;">Bebidas</p> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/> <input style="width: 95%; height: 20px; margin-bottom: 5px;" type="text"/>

INDICACIÓNS PARA O PROFESOR:

Obxectivo: Interpretar un menú.

Habilidade: Comprensión lectora.

Estratexia: Relacionar preguntas e respostas.

Nome _____ Data _____

1 Observa a imaxe.

A festa do bosque



2 Le as afirmacións. Despois, escribe verdadeiro ou falso segundo os datos que che proporciona a imaxe.

Celébrase unha festa no bosque coma todos os anos. Os animais do bosque deciden festexar a chegada do inverno.

Os fogos artificiais brillan con gran resplandor no ceo.

Reúnense o cervo, o lobo, a lebre e o raposo para brindar con bebidas escumosas.

O raposo reparte turrón.

A fogueira dá calor na fría noite da celebración.

Todos os animais levan unha bufanda e un gorro na cabeza.

INDICACIÓNS PARA O PROFESOR:

Obxectivo: Extraer información da imaxe.

Habilidade: Lectura de imaxes.

Estratexia: Identificar oracións verdadeiras ou falsas.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto con atención.**O pintor chalado**

Chamábano «o pintor chalado de animais» pola súa afección a pintar todos os animais que encontraba polos camiños durante os seus paseos. O que menos lle gustaba ao pintor eran as cores branca e negra, parecíanlle aburridas.

Un día, nun dos seus paseos, viu pasar polo camiño un can dálmata. Foi correndo detrás del cos seus pinceis e, rapidamente, as súas manchas negras e brancas foron tapadas cunha gran mancha de pintura rosa. Ao pouco tempo pasou un oso panda orgulloso da cor branca e negra do seu pelo. O chalado pintor non o puido resistir, sacou de novo as súas pinturas e pinceis e pintou de azul, vermello e dourado as súas catro patas.

Que mala sorte tivo tamén o cabalo negro que pouco despois pasou por alí! Acabou enzoufado coa tola pintura do pintor!

Volvía contento para a casa, cando viu pasar unha vaca que corría arrepiada porque lle contaran os animais que o chalado pintor estaba preto. Coñecía a obsesión que tiña o pintor polas cores branca e negra e quería escapar dos pinceis deste singular artista.



Nome _____ Data _____

2 Elixe a resposta correcta en cada caso.

Por que lle chamaban o pintor chalado?

- Porque vivía nun chalé e levaba chaleco.
- Porque pintaba os animais que encontraba.

Que animais encontrou?

- Un can, un cervo, unha galiña e un coello.
- Un can, un oso, un cabalo e unha vaca.

De que cor pintou o can?

- De cor rosa. De cor vermella.

De que cores pintou o oso?

- De cor azul, verde e dourada.
- De cor azul, vermella e dourada.

Que outro animal quedou enzoufado pola súa tola pintura?

- O oso. O cabalo.

Que cores non lle gustaban ao chalado pintor?

- As cores verde e amarela. As cores branca e negra.

Que animal logrou escapar dos pinceis do singular pintor?

- O can dálmata. A vaca.

INDICACIÓNS PARA O PROFESOR:

Obxectivo: Lembrar ideas principais dun texto.

Habilidade: Comprensión de datos.

Estratexia: Relacionar preguntas e respostas.

Nome _____ Data _____

- 1** Volve ler amodo o texto da actividade 1. Despois, completa o texto coas seguintes palabras.

animais

cores

orgullosos

negro

camiños


dálmata

rosa

pinceis

O pintor chalado

Chamábanos «o pintor
chalado de _____»
pola súa afección a pintar
todos os animais que
encontraba polos
_____ durante
os seus paseos.
O que menos lle gustaba
ao pintor eran
as _____ branca
e negra, parecíanlle
aburridas.



Nome _____ Data _____

Un día, nun dos seus paseos, viu pasar polo camiño un can _____.

Foi correndo detrás del cos seus _____ e, rapidamente, as súas manchas negras e brancas foron tapadas cunha gran mancha de pintura _____.

Ao pouco tempo pasou un oso panda _____ da cor branca e negra do seu pelo. O pintor chalado non o puido resistir, sacou de novo as súas pinturas e pinceis e pintou de azul, vermello e dourado as súas catro patas.



Nome _____ Data _____

Que mala sorte tivo tamén o cabalo
_____ que pouco despois pasou
por alí! Acabou enzoufado coa tola
pintura do pintor!

Volvía contento para a casa, cando viu
pasar unha vaca que corría arrepiada
porque lle contaran os animais
que o chalado pintor estaba preto.
Coñecía a obsesión que tiña o pintor
polas cores branca e negra
e quería escapar dos pinceis
deste singular artista.



INDICACIÓNS PARA O PROFESOR:

Obxectivo: Completar textos coas palabras axeitadas.


Habilidade: Comprensión lectora.

Estratexia: Aplicar o procedemento *Cloze* (adaptado).


Nome _____ Data _____

- 1** Le. Cando encontres o sinal de , detén a lectura e marca as oracións verdadeiras.


Festa de Samaín

Os tres amigos decidiron disfrazarse para a festa de Samaín que se ía celebrar nas rúas da vila. 


- A festa de Samaín íase celebrar na praza da veciñanza.**
- A festa de Samaín íase celebrar nas rúas da vila.**

Noa vestiuse de bruxa, cuns zapatos vermellos moi grandes, e levaba un pau collido coas dúas mans. 

- Noa vestiuse de bruxa, cuns zapatos vermellos moi grandes.**
- Noa vestiuse de bruxa, cuns zapatos verdes moi grandes.**

Estevo vestiuse de pantasma verde cun calcetín na cabeza, e Breixo vestiuse de pantasma azul con dous calcetíns na cabeza. 

- Estevo vestiuse de pantasma verde con dous calcetíns na cabeza.**
- Breixo vestiuse de pantasma azul con dous calcetíns na cabeza.**

Deixaron dúas cabazas na escaleira de seis chanzos da entrada da casa de Noa. Breixo levaba un gato negro de felpa collido na man. 

- Deixaron dúas cabazas na escaleira de oito chanzos da entrada da casa de Noa.**
- Breixo levaba un gato negro de felpa collido na man.**

INDICACIÓNS PARA O PROFESOR:

Obxectivo: Recoñecer ideas parciais que forman a idea principal da lectura.

Habilidade: Comprensión lectora.

Estratexia: Identificar as oracións que recollen a idea principal dun texto.